

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

- 17601** *Real decreto 1461/2018, do 21 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de deducións na cota diferencial por circunstancias familiares, obrigación de declarar, pagamentos á conta, rendas vitalicias aseguradas e obrigacións rexistras.*

I

A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, introduciu diversas modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Por unha parte, melloráronse as deducións por maternidade e por familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo, ao incrementar o importe da primeira cando a nai teña que soportar gastos pola custodia do fillo menor de tres anos en gardarías ou centros educativos autorizados, e estender a segunda a novos supostos, como é o cónxuxe non separado legalmente cando este sexa unha persoa con discapacidade que dependa economicamente do contribuínte ou a existencia de máis fillos que os exixidos para que unha familia adquirise a condición de familia numerosa de categoría ordinaria xeral ou especial, segundo corresponda.

Por outra parte, os novos importes da redución por obtención de rendementos do traballo determinan a ampliación dos límites determinantes da obrigación de declarar e de reter.

Por último, a elevación da porcentaxe da dedución por obtención de rendas en Ceuta e Melilla determinou a introdución de modificacións no sistema de pagamentos á conta co fin de anticipar o impacto económico da medida en relación coas rendas obtidas nas citadas cidades autónomas obxecto de dedución.

II

Neste contexto, este real decreto modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, co obxecto de adaptar o texto regulamentario, de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia a que se refire a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, aos cambios operados pola citada Lei de orzamentos xerais do Estado.

A modificación do actual regulamento do imposto é a única forma de conseguir os fins perseguidos, levándose a cabo os cambios normativos imprescindibles, garantindo, a prol do principio de seguridade xurídica, a coherencia co resto do ordenamento xurídico, xerando un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e a toma de decisións das persoas, sen introdución de cargas administrativas innecesarias, con total transparencia e pleno respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

III

O real decreto estrutúrase nun único artigo e dúas disposicións derradeiras.

O artigo único modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, desenvolvendo, por unha parte, determinadas medidas aprobadas pola citada lei e cuxa

aplicación práctica quedaba condicionada ao establecemento de novos requisitos regulamentarios e, por outra, adaptando o Regulamento do imposto ás modificacións legalmente establecidas. Adicionalmente, suprímese a dispensa da obrigaçión de xestión de libros de rexistro aos contribuíntes que leven contabilidade axustada ao disposto no Código de comercio sen así exixirlllo a regulación do imposto, e especificanse os requisitos que deben cumprir as rendas vitalicias aseguradas nas cales existen mecanismos de reversión, períodos certos de prestación ou fórmulas de contraseguro.

En cumprimento do primeiro obxectivo indicado, por unha parte, o número un do artigo único modifica o artigo 60 do Regulamento do imposto detallando a forma de cálculo do incremento da dedución por maternidade, ao especificar os meses que se computarán para tal efecto e o cálculo dos límites para a súa aplicación e, por outra, o número cinco do citado artigo dá nova redacción ao número 9 do artigo 69, coa finalidade de concretar o contido da declaración informativa que deberán presentar as gardarías ou centros de educación infantil autorizados para facilitaren o seu control e incorporación aos sistemas de asistencia ao contribuínte.

Así mesmo, o número sete do artigo único establece os novos límites determinantes da obrigaçión de reter aplicables a partir do 1 xaneiro de 2019, e adapta o seu contido ás novas contías introducidas na lei en relación coa redución por obtención de rendementos do traballo.

Por último, o incremento da dedución por rendas obtidas en Ceuta e Melilla levado a cabo na Lei do imposto obriga a revisar o tipo mínimo de retención aplicable a contratos ou relacións de duración inferior ao ano ou aos rendementos do traballo que deriven de relacións laborais especiais de carácter dependente cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que se benefician da dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto, e o tipo máximo en caso de regularización do tipo de retención.

Para tal efecto, o número oito modifica o número 2 do artigo 86 do Regulamento do imposto rebaxando o tipo mínimo de retención do 1 ao 0,8 por cento e do 8 ao 6 por cento, respectivamente, e o número nove modifica o número 5 do artigo 87 do Regulamento do imposto rebaxando o tipo máximo de retención do 23 ao 18 por cento.

En relación co segundo obxectivo, o número dous do artigo único adapta o contido do artigo 60 bis do Regulamento do imposto á nova redacción do artigo 81 bis e disposición adicional cuadraxésima segunda da Lei do imposto en materia de dedución por familias numerosas ou persoas con discapacidade a cargo, segundo a redacción desta dada pola citada Lei de orzamentos como pola Lei 25/2015, do 28 de xullo, de mecanismo de segunda oportunidade, redución da carga financeira e outras medidas de orde social.

Pola súa parte, o número tres do artigo único adapta o contido do número 3 do artigo 61 aos novos límites determinantes da obrigaçión de declarar establecidos na Lei do imposto.

Por último, os números seis, dez, once, doce e trece do artigo único limítanse a modificar os artigos 80, 90, 95, 100 e 110 do Regulamento do imposto, respectivamente, adaptando o seu contido á previsión legal que determina que os pagamentos á conta correspondentes ás rendas ou actividades que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto se reducen nun 60 por cento.

Adicionalmente, o número catro suprime a dispensa da obrigaçión de xestión de libros de rexistro aos contribuíntes que leven contabilidade axustada ao disposto no Código de comercio sen así exixirlllo a regulación do imposto, co obxecto de facilitar o control tributario, e os números catorce e quince, en relación cos plans de individuais de aforro sistemático e a exención por reinvestimento en rendas vitalicias, especifican os requisitos que deben cumprir as rendas vitalicias aseguradas en que existen mecanismos de reversión, períodos certos de prestación ou fórmulas de contraseguro, co obxecto de garantir que se acada a finalidade pretendida.

Todo isto conforme o disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo:

Un. Modifícase o artigo 60, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 60. *Procedemento para a práctica da dedución por maternidade e o seu pagamento anticipado e para a aplicación do incremento da dita dedución.*

1. A dedución por maternidade regulada no número 1 do artigo 81 da Lei do imposto aplicarase proporcionalmente ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos previstos no número 1 do citado artigo, e terá como límite para cada fillo as cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades de carácter alternativo devindicadas en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento, adopción, delegación de garda para a convivencia preadoptiva ou acollemento.

O incremento da dedución previsto no número 2 do artigo 81 da Lei do imposto aplicarase proporcionalmente ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos dos números 1 e 2 do citado artigo. Non obstante, no período impositivo en que o fillo menor faga tres anos, o número de meses do dito exercicio ampliarase, en caso de cumprimento do resto de requisitos, aos meses posteriores ao cumprimento da dita idade ata o mes anterior a aquel en que poida comezar o segundo ciclo de educación infantil.

O referido incremento terá como límite anual para cada fillo o menor:

– das cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades de carácter alternativo devindicadas en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento, adopción, delegación de garda para a convivencia preadoptiva ou acollemento.

– do importe anual total do gasto efectivo non subvencionado satisfeito no dito período á gardaría ou centro educativo en relación con ese fillo, sexa ou non por meses completos.

Para efectos de determinar o importe total do gasto efectivo non subvencionado satisfeito, considerarase tanto o importe pagado pola nai ou polo contribuínte con dereito ao referido incremento, como o satisfeito polo outro proxenitor, adoptante, titor, gardador con fins de adopción ou acolledor.

Para efectos do cálculo do límite das cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades de carácter alternativo a que se refiren os parágrafos anteriores, computaranse as cotizacións e cotas polos seus importes íntegros sen tomar en consideración as bonificacións que poidan corresponder.

2. Para efectos do cómputo do número de meses para o cálculo do importe da dedución ou o incremento a que se refire o número anterior, teranse en conta as seguintes regras:

1.^a A determinación dos fillos realizarase de acordo coa súa situación o último día de cada mes.

2.^a O requisito de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade entenderase cumprido cando esta situación se produza en calquera día do mes.

3.^a Para os efectos do incremento da dedución por maternidade, os meses que se tomarán en consideración serán exclusivamente aqueles en que os gastos aboados se efectúen por mes completo. Para estes efectos, entenderanse incluídos

os meses contratados por completo mesmo cando parte deles teñan o carácter de non lectivos.

3. Cando teña lugar a adopción dun menor que estivese en réxime de acollemento ou de delegación de garda para a convivencia preadoptiva, ou se produza un cambio na situación do acollemento, a dedución por maternidade efectuarase durante o tempo que reste ata esgotar o prazo máximo dos tres anos a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 81 da Lei do imposto.

4. No suposto de existencia de varios contribuíntes con dereito á aplicación da dedución por maternidade ou do seu incremento respecto do mesmo acollido, menor cuxa garda foi delegada para a convivencia preadoptiva ou tutelado, o seu importe ratearase entre eles por partes iguais.

5.1.º Os contribuíntes con dereito á aplicación da dedución por maternidade regulada no número 1 do artigo 81 da Lei do imposto poderán solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o seu aboamento de forma anticipada por cada un dos meses en que estean dados de alta na Seguridade Social ou mutualidade e coticen os prazos mínimos que a continuación se indican:

a) Traballadores con contrato de traballo a xornada completa, en alta durante polo menos quince días de cada mes, no réxime xeral ou nos réximes especiais da minaría do carbón e dos traballadores do mar.

b) Traballadores con contrato de traballo a tempo parcial cuxa xornada laboral sexa de, polo menos, o 50 por cento da xornada ordinaria na empresa, en cómputo mensual, e que se encontren en alta durante todo o mes nos réximes citados no parágrafo anterior.

c) Traballadores por conta allea en alta no réxime especial agrario da Seguridade Social no mes e que realicen, polo menos, dez xornadas reais no dito período.

d) Traballadores incluídos nos restantes réximes especiais da Seguridade Social non citados nos parágrafos anteriores ou mutualistas das respectivas mutualidades alternativas á Seguridade Social que se encontren en alta durante quince días no mes.

2.º A tramitación do aboamento anticipado efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

a) A solicitude presentarase no lugar, na forma e no prazo que determine a ministra de Facenda, quen poderá determinar os casos en que se poida formular por medios telemáticos ou telefónicos. No suposto previsto no número 4 deste artigo, as solicitudes deberanse presentar de forma simultánea.

b) A Axencia Estatal de Administración Tributaria, á vista da solicitude recibida e dos datos existentes no seu poder, aboará de oficio de forma anticipada e á conta o importe da dedución por maternidade. No suposto de que non proceda o aboamento anticipado da dedución, notificaralle tal circunstancia ao contribuínte con expresión das causas que motivan a denegación.

c) O aboamento da dedución de forma anticipada efectuarase, mediante transferencia bancaria, a Axencia Estatal de Administración Tributaria mensualmente e sen rateos por un importe de 100 euros por cada fillo. A ministra de Facenda poderá autorizar o aboamento por cheque cruzado ou nominativo cando concorran circunstancias que o xustifiquen.

3.º Os contribuíntes con dereito ao aboamento anticipado da dedución por maternidade estarán obrigados a comunicar á Administración tributaria as variacións que afecten o seu aboamento anticipado, así como cando, por algunha causa ou circunstancia sobrevida, incumbran algún dos requisitos para a súa percepción. A comunicación efectuarase utilizando o modelo que, para estes efectos, aprobe a ministra de Facenda, quen establecerá o lugar, a forma e os prazos de presentación,

así como os casos en que a dita comunicación se poida realizar por medios telemáticos ou telefónicos.

4.º Cando o importe da dedución por maternidade non se corresponda co do seu aboamento anticipado, os contribuíntes deberán regularizar tal situación na súa declaración por este imposto. No suposto de contribuíntes non obrigados a declarar, deberán comunicar á Administración tributaria, para estes efectos, a información que determine a ministra de Facenda quen, así mesmo, establecerá o lugar, a forma e o prazo da súa presentación.

5.º Non serán exixibles xuros de demora pola percepción, a través do aboamento anticipado e por causa non imputable ao contribuínte, de cantidades superiores á dedución por maternidade que corresponda.»

Dous. Modifícase o artigo 60 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 60 bis. *Procedemento para a práctica das deducións por familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo e o seu pagamento anticipado.*

1. As deducións reguladas no artigo 81 bis da Lei do imposto aplicaranse, para cada contribuínte con dereito a elas, proporcionalmente ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos previstos no número 1 do citado artigo, e terán como límite para cada dedución as cotizacións e cotas á Seguridade Social e mutualidades de carácter alternativo devindicadas en cada período impositivo con posterioridade ao momento en que se cumpran tales requisitos.

Non obstante, se o contribuínte ten dereito á dedución prevista nas alíneas a) ou b) do número 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto respecto de varios ascendentes ou descendentes con discapacidade, o citado límite aplicarase de forma independente respecto de cada un deles.

No caso de familias numerosas, os incrementos da dedución a que se refire a alínea c) do número 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto non se terá en conta para efectos do citado límite.

Para efectos do cálculo deste límite computaranse as cotizacións e cotas polos seus importes íntegros sen tomar en consideración as bonificacións que poidan corresponder.

Non resultará de aplicación o citado límite cando se trate de contribuíntes que perciban as prestacións a que se refire o sétimo parágrafo do número 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto.

2. Para efectos do cómputo do número de meses para o cálculo do importe da dedución a que se refire o número anterior, teranse en conta as seguintes regras:

1.ª A determinación da condición de familia numerosa, do estado civil do contribuínte, do número de fillos que exceda o número mínimo de fillos exixido para que a familia adquirise a condición de familia numerosa de categoría xeral ou especial e da situación de discapacidade, realizarase de acordo coa súa situación o último día de cada mes.

2.ª O requisito de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade entenderase cumprido cando esta situación se produza en calquera día do mes. Este requisito non será aplicable cando se trate de contribuíntes que perciban as prestacións a que se refire o sétimo parágrafo do número 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto.

3.ª Entenderase cumprido o requisito de percibir as prestacións a que se refire o sétimo parágrafo do número 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto cando estas se perciban en calquera día do mes.

3. Os contribuíntes con dereito á aplicación destas deducións poderán solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o seu aboamento de forma anticipada por cada un dos meses en que perciban as prestacións a que se refire o sétimo parágrafo do número 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto ou estean dados de alta

na Seguridade Social ou mutualidade e coticen os prazos mínimos que a continuación se indican:

a) Traballadores con contrato de traballo a xornada completa, en alta durante polo menos quince días de cada mes no réxime xeral ou nos réximes especiais da minaría do carbón e dos traballadores do mar.

b) Traballadores con contrato de traballo a tempo parcial cuxa xornada laboral sexa de, polo menos, o 50 por cento da xornada ordinaria na empresa, en cómputo mensual, e se encontren en alta durante todo o mes nos réximes citados no parágrafo anterior.

c) No caso de traballadores por conta allea en alta no Sistema especial para traballadores por conta allea agrarios incluídos no réxime xeral da Seguridade Social cando se optase por bases diarias de cotización, que realicen, polo menos, dez xornadas reais no dito período.

d) Traballadores incluídos nos restantes réximes especiais da Seguridade Social non citados nos parágrafos anteriores ou mutualistas das respectivas mutualidades alternativas á Seguridade Social que se encontren en alta durante quince días no mes.

Para o aboamento anticipado da dedución por cónxuxe non separado legalmente con discapacidade, a contía das rendas anuais que cómpre tomar en consideración serán as correspondentes ao último período impositivo cuxo prazo de presentación de autoliquidación finalizase ao inicio do exercicio en que se solicita o seu aboamento anticipado.

4.1.º A tramitación do aboamento anticipado efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

a) A solicitude presentaraa no lugar, na forma e no prazo que determine a ministra de Facenda, cada contribuínte con dereito a dedución. Non obstante, poderase optar por presentar unha solicitude colectiva todos os contribuíntes que poidan ter dereito á dedución respecto dun mesmo descendente, ascendente ou familia numerosa. Neste caso, deberase designar como primeiro solicitante un contribuínte que cumpra, no momento de presentar a solicitude, os requisitos previstos no número 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto.

Cada mes de xaneiro poderase modificar a modalidade de solicitude respecto de cada unha das deducións.

Os solicitantes, o cónxuxe non separado legalmente con discapacidade e os descendentes ou ascendentes con discapacidade que se relacionen na solicitude deberán dispoñer de número de identificación fiscal.

b) A Axencia Estatal de Administración Tributaria, á vista da solicitude recibida e dos datos existentes no seu poder, aboará de oficio de forma anticipada e á conta o importe de cada dedución ao solicitante. No caso de que se efectuase unha solicitude colectiva, o aboamento efectuarase a quen figure como primeiro solicitante.

No suposto de que non proceda o aboamento anticipado, notificaráselle tal circunstancia ao contribuínte con expresión das causas que motivan a denegación.

c) O aboamento da dedución de forma anticipada efectuaraa mensualmente a Axencia Estatal de Administración Tributaria, mediante transferencia bancaria, por importe de 100 euros por cada descendente, ascendente ou familia numerosa a que se refire o número 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto, se a solicitude foi colectiva. O dito importe será de 200 euros se se trata dunha familia numerosa de categoría especial. Nos supostos de familia numerosa, o dito importe incrementarase en 50 euros mensuais por cada un dos fillos que formen parte da familia numerosa que exceda o número mínimo de fillos exixido para que a dita familia adquirise a condición de familia numerosa de categoría xeral ou especial, segundo corresponda. En caso de solicitude individual, aboaráse ao solicitante

a cantidade que resulte de dividir o importe que proceda dos indicados anteriormente entre o número de contribuíntes con dereito á aplicación do mínimo respecto do mesmo descendente ou ascendente con discapacidade, ou entre o número de ascendentes ou irmáns orfos de pai e nai que formen parte da mesma familia numerosa, segundo proceda. O importe do aboamento mensual da dedución de forma anticipada por cónxuxe non separado legalmente con discapacidade será de 100 euros.

A ministra de Facenda poderá autorizar o aboamento mediante cheque cruzado ou nominativo cando concorran circunstancias que o xustifiquen.

2.º Os contribuíntes con dereito ao aboamento anticipado das ditas deducións estarán obrigados a comunicar á Administración tributaria as variacións que afecten o seu aboamento anticipado, así como cando, por algunha causa ou circunstancia sobrevida, incumpran algún dos requisitos para a súa percepción. A comunicación efectuarase no lugar, na forma e no prazo que determine a ministra de Facenda.

3.º Cando o importe de cada unha das deducións non se corresponda co do seu aboamento anticipado, os contribuíntes deberán regularizar tal situación na súa declaración por este imposto. No suposto de contribuíntes non obrigados a declarar, tal regularización efectuarase mediante o ingreso das cantidades percibidas en exceso no lugar, na forma e no prazo que determine a ministra de Facenda.

4.º Non serán exixibles xuros de demora pola percepción, a través do aboamento anticipado e por causa non imputable ao contribuínte, de cantidades superiores ás deducións reguladas no artigo 81 bis da Lei do imposto.

5. Cando dous ou máis contribuíntes teñan dereito á aplicación dalgunha das anteriores deducións respecto dun mesmo descendente, ascendente ou familia numerosa, poderase ceder o dereito á dedución a un deles. Neste caso, para efectos do cálculo da dedución, aplicaranse as seguintes regras especiais:

a) O importe da dedución non se rateará entre eles senón que se aplicará integramente polo contribuínte en cuxo favor se cedese a dedución.

b) Computaranse os meses en que calquera dos contribuíntes que teñan dereito á dedución cumpra os requisitos previstos no número 1 deste artigo.

c) Teranse en conta de forma conxunta as cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades correspondentes a todos os contribuíntes que teñan dereito á dedución. O disposto nesta letra non resultará de aplicación no caso de que se cedese o dereito á dedución a aqueles contribuíntes que perciban as prestacións a que se refire o sétimo parágrafo do número 1 do artigo 81 bis da Lei do imposto.

d) Os importes que, de ser o caso, se percibisen anticipadamente consideraranse obtidos polo contribuínte en cuxo favor se cedese a dedución.

Cando se optase pola percepción anticipada da dedución presentando unha solicitude colectiva, entenderase cedido o dereito á dedución en favor do primeiro solicitante. Nos restantes casos, entenderase cedido o dereito á dedución en favor do contribuínte que aplique a dedución na súa declaración, e esta circunstancia deberá constar na declaración de todos os contribuíntes que teñan dereito á dedución, salvo que o cedente sexa un non obrigado a declarar, caso en que tal cesión se efectuará mediante a presentación do modelo no lugar, na forma e no prazo que determine a ministra de Facenda.

6. As comunidades autónomas e o Instituto de Maiores e Servizos Sociais estarán obrigados a subministrar por vía electrónica á Axencia Estatal de Administración Tributaria, durante os dez primeiros días de cada mes, os datos de familias numerosas e discapacidade correspondentes ao mes anterior.

O formato e o contido da información serán os que, en cada momento, consten na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 61 do RIRPF, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Tampouco terán que declarar, sen prexuízo do disposto nos números anteriores, os contribuíntes que obteñan rendas procedentes exclusivamente das seguintes fontes, en tributación individual ou conxunta:

A) Rendementos íntegros do traballo, cos seguintes límites:

1.º Con carácter xeral, 22.000 euros anuais, cando procedan dun só pagador. Este límite tamén se aplicará cando se trate de contribuíntes que perciban rendementos procedentes de máis dun pagador e concorran calquera das dúas situacións seguintes:

a) Que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non supere no seu conxunto a cantidade de 1.500 euros anuais.

b) Que os seus únicos rendementos do traballo consistan nas prestacións pasivas a que se refire o artigo 17.2.a) da Lei do imposto e a determinación do tipo de retención aplicable se realizase de acordo co procedemento especial regulado no artigo 89.A) deste regulamento.

2.º 14.000 euros anuais, cando:

a) Procedan de máis dun pagador, sempre que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, superen no seu conxunto a cantidade de 1.500 euros anuais.

b) Se perciban pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos diferentes das previstas no artigo 7, alínea k), da Lei do imposto.

c) O pagador dos rendementos do traballo non estea obrigado a reter de acordo co previsto no artigo 76 deste regulamento.

d) Cando se perciban rendementos íntegros do traballo suxeitos aos tipos fixos de retención previstos nos ordinais 3.º e 4.º do artigo 80.1 deste regulamento.

B) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais sometidos a retención ou ingreso á conta, co límite conxunto de 1.600 euros anuais.

O disposto nesta letra non será de aplicación respecto das ganancias patrimoniais procedentes de transmisións ou reembolsos de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo nas cales a base de retención, conforme o establecido no número 2 do artigo 97 deste regulamento, non proceda determinala pola contía para integrar na base imponible.

C) Rendas inmobiliarias imputadas ás cales se refire o artigo 85 da Lei do imposto, rendementos íntegros do capital mobiliario non suxeitos a retención derivados de letras do Tesouro e subvencións para a adquisición de vivendas de protección oficial ou de prezo taxado e demais ganancias patrimoniais derivadas de axudas públicas, co límite conxunto de 1.000 euros anuais.»

Catro. Modifícase o número 10 do artigo 68, que queda redactado da seguinte forma:

«10. Os contribuíntes distintos dos previstos no número 2 anterior estarán obrigados a levar os libros de rexistro establecidos nos números anteriores deste artigo, mesmo cando leven contabilidade axustada ao disposto no Código de comercio.»

Cinco. Modifícase o número 9 e engádese un número 10 ao artigo 69, que quedan redactados da seguinte forma:

«9. As gardarías ou centros de educación infantil autorizados a que se refire o artigo 81.2 da Lei do imposto deberán presentar unha declaración informativa sobre os menores e os gastos que dean dereito á aplicación do incremento da dedución

prevista no dito artigo, na cal, ademais dos seus datos de identificación e dos correspondentes á autorización do centro expedida pola Administración educativa competente, farán constar a seguinte información:

- a) Nome, apelidos e data de nacemento do menor e, de ser o caso, número de identificación fiscal do menor.
- b) Nome, apelidos e número de identificación fiscal dos proxenitores, titor, gardadores con fins de adopción ou persoa que ten o menor en acollemento.
- c) Meses en que o menor estivese inscrito na dita gardaría ou centro educativo por mes completo.
- d) Gastos anuais pagados á gardaría ou centro de educación infantil autorizado en relación co menor.
- e) Importes subvencionados que se aboan directamente á gardaría ou centro de educación infantil autorizado correspondentes aos gastos referidos na alínea d) anterior.

A presentación desta declaración informativa realizarase no mes de xaneiro de cada ano en relación coa información correspondente ao ano inmediato anterior.

10. As declaracións informativas a que se refiren os números anteriores efectuaranse na forma e no lugar que estableza a ministra de Facenda, quen poderá determinar o procedemento e as condicións en que proceda a súa presentación por medios telemáticos.»

Seis. Modifícase o número 2 do artigo 80, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que se beneficien da dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto, reduciranse nun 60 por cento:

- a) O tipo de retención a que se refire o artigo 86.1 deste regulamento.
- b) Os tipos de retención previstos nos ordinais 3.º, 4.º e 5.º do número anterior.»

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 81, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Non se efectuará retención sobre os rendementos do traballo cuxa contía, determinada segundo o previsto no artigo 83.2 deste regulamento, non supere o importe anual establecido no cadro seguinte en función do número de fillos e outros descendentes e da situación do contribuínte:

Situación do contribuínte	N.º de fillos e outros descendentes		
	0 — Euros	1 — Euros	2 ou máis — Euros
1.ª Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente.	—	15.947	17.100
2.ª Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas.	15.456	16.481	17.634
3.ª Outras situacións.	14.000	14.516	15.093

Para os efectos da aplicación do previsto no cadro anterior, enténdese por fillos e outros descendentes aqueles que dan dereito ao mínimo por descendentes previsto no artigo 58 da Lei do imposto.

En canto á situación do contribuínte, esta poderá ser unha das tres seguintes:

1.ª Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente. Trátase do contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente con descendentes,

cando teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei de imposto para unidades familiares monoparentais.

2.^a Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas. Trátase do contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe non obteña rendas anuais superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

3.^a Outras situacións, que inclúe as seguintes:

a) O contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

b) O contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente, sen descendentes ou con descendentes ao seu cargo, cando, neste último caso, non teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei do imposto por darse a circunstancia de convivencia a que se refire o parágrafo segundo do dito número.

c) Os contribuíntes que non manifesten estar en ningunha das situacións 1.^a e 2.^a anteriores.»

Oito. Modifícase o número 2 do artigo 86, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O tipo de retención resultante do disposto no número anterior non poderá ser inferior ao 2 por cento cando se trate de contratos ou relacións de duración inferior ao ano, nin inferior ao 15 por cento cando os rendementos do traballo deriven de relacións laborais especiais de carácter dependente. As citadas porcentaxes serán o 0,8 por cento e o 6 por cento, respectivamente, cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que se beneficien da dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.

Non obstante, non serán de aplicación os tipos mínimos do 6 e 15 por cento de retención a que se refire o parágrafo anterior aos rendementos obtidos polos penados nas institucións penitenciarias nin aos rendementos derivados de relacións laborais de carácter especial que afecten persoas con discapacidade.»

Nove. Modifícase o número 5 do artigo 87, que queda redactado da seguinte forma:

«5. O tipo de retención, calculado de acordo co procedemento previsto no artigo 82 deste regulamento, non se poderá incrementar cando se efectúen regularizacións por circunstancias que exclusivamente determinen unha diminución da diferenza positiva entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención, ou por quedar obrigado o perceptor por resolución xudicial a satisfacer anualidades por alimentos en favor dos fillos e resulte aplicable o previsto no número 2 do artigo 85 deste regulamento.

Así mesmo, nos supostos de regularización por circunstancias que determinen exclusivamente un aumento da diferenza positiva entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención previa á regularización, o novo tipo de retención aplicable non poderá determinar un incremento do importe das retencións superior á variación producida na dita magnitude.

En ningún caso, cando se produzan regularizacións, o novo tipo de retención aplicable poderá ser superior ao 45 por cento. A citada porcentaxe será o 18 por cento cando a totalidade dos rendementos do traballo se obtivesen en Ceuta e Melilla e se beneficien da dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Dez. Modifícase o número 2 do artigo 90, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Este tipo de retención reducirase nun 60 por cento cando se trate de rendementos aos cales lles sexa de aplicación a dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto, procedentes de sociedades a que se refire a alínea h) do número 3 do citado artigo.»

Once. Modifícase o número 1 do artigo 95, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Cando os rendementos sexan contraprestación dunha actividade profesional, aplicarase o tipo de retención do 15 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos.

Malia o disposto no parágrafo anterior, no caso de contribuíntes que inicien o exercicio de actividades profesionais, o tipo de retención será do 7 por cento no período impositivo de inicio de actividades e nos dous seguintes, sempre e cando non exercesen ningunha actividade profesional no ano anterior á data de inicio das actividades.

Para a aplicación do tipo de retención previsto no parágrafo anterior, os contribuíntes deberán comunicar ao pagador dos rendementos a concorrencia da dita circunstancia, e o pagador quedará obrigado a conservar a comunicación debidamente asinada.

O tipo de retención será do 7 por cento no caso de rendementos satisfeitos a:

- a) Recadadores municipais.
- b) Mediadores de seguros que utilicen os servizos de auxiliares externos.
- c) Delegados comerciais da Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado.

Estas porcentaxes reduciranse nun 60 por cento cando os rendementos teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Doce. Modifícase o artigo 100, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 100. *Importe das retencións sobre arrendamentos e subarrendamentos de inmobles.*

A retención que cómpre efectuar sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplicar a porcentaxe do 19 por cento sobre todos os conceptos que se satisfagan ao arrendador, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta porcentaxe reducirase no 60 por cento cando o inmovible urbano estea situado en Ceuta ou Melilla, nos termos previstos no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Trece. Modifícase o número 2 do artigo 110, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As porcentaxes sinaladas no número anterior reduciranse nun 60 por cento para as actividades económicas que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Catorce. Engádesse unha disposición adicional novena, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional novena. *Mecanismos de reversión, períodos certos de prestación ou fórmulas de contraseguro sobre contratos de rendas vitalicias aseguradas.*

Nos supostos en que existan mecanismos de reversión, períodos certos de prestación ou fórmulas de contraseguro en caso de falecemento sobre contratos de rendas vitalicias aseguradas a que se refiren o número 3 do artigo 38 e a disposición adicional terceira da Lei do imposto, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) No suposto de mecanismos de reversión en caso de falecemento do asegurado, unicamente poderá existir un potencial beneficiario da renda vitalicia que reverta.
- b) No suposto de períodos certos de prestación, os ditos períodos non poderán exceder os 10 anos desde a constitución da renda vitalicia.

c) No suposto de fórmulas de contraseguro, a contía total que se percibirá con motivo do falecemento do asegurado en ningún momento poderá exceder as seguintes porcentaxes respecto do importe destinado á constitución da renda vitalicia:

Anos desde a constitución da renda vitalicia	Porcentaxe
1.º	95 por 100
2.º	90 por 100
3.º	85 por 100
4.º	80 por 100
5.º	75 por 100
6.º	70 por 100
7.º	65 por 100
8.º	60 por 100
9.º	55 por 100
10.º en diante	50 por 100»

Quince. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo oitava. *Mecanismos de reversión, períodos certos de prestación ou fórmulas de contraseguro sobre contratos de rendas vitalicias aseguradas anteriores ao 1 de abril de 2019.*

O establecido na disposición adicional novena deste regulamento non resultará de aplicación aos contratos de seguros de vida cuxa prestación se perciba en forma de renda vitalicia asegurada subscritos con anterioridade ao 1 de abril de 2019.»

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo os números tres, catro, sete, oito e nove do artigo único, que entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2019.

Dado en Madrid o 21 de decembro de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO